



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN
DATA 5 DE FEBREIRO DE 2015.**

ASISTENTES:

ALCALDESA-PRESIDENTA:

D^a. María Loureiro García.

CONCELLEIROS:

D. Jesús Antonio Fernández Cal, D. Vicente Hermida Rodríguez., D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D. Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro, D^a. Covadonga Viamonte Aguirar, D. Bernardo José Fraga Galdo, D. Manuel Galdo Dopico, D^a. Olaia Casas Chaves, D. Antonio José Bouza Rodil, D^a. M^a Jesús Vale López, D. Jaime Eduardo de Olano Vela, D^a. M^a del Carmen Gueimunde González, D. Celestino Valentín García Paz, D. Guillermo Leal Arias e D. Jesús Fernández Fernández.

AUSENCIAS:

D^a. Cándida Méndez Salgado

INTERVENTOR (POR DELEGACIÓN)

D. Sergio Aguado Delicado.

SECRETARIA XERAL

D^a. M^a Luz Balsa Rábade

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día cinco de febreiro de dous mil quince, reúnen-se, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ó obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, asistida de mín, que como Secretaria Xeral, certifico do acto do Concello.

Excusa a súa asistencia D^a. Cándida Méndez Salgado.

Comprobado pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase pola Sra. Alcaldesa aberta a sesión, polo que se procede a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, DE DATA 08/01/2015.

Non existindo obxección algunha procédese por unanimidade, á aprobación da acta da sesión de data 08/01/2015.

2.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA



3.- MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2014, PRORROGADO NO 2015.

Visto o informe proposta de intervención, asinado conxuntamente pola Concelleira de Facenda, de modificación da base nº 22 das bases de execución do orzamento 2014 prorrogado no 2015, engadindo un parágrafo, segundo a previsión da lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso á factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas do Sector Público.

Visto que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Economía.

Intervén a Sra. Alcaldesa para proceder á apertura do debate, que transcorre do seguinte xeito:

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil para dicir que ó seu grupo lle gustaría que esta modificación se fixese sobre os orzamentos de 2015, aproveitando a ocasión para pedir que se traigan ó Pleno.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o 22 de decembro de 2014 se aprobou o mecanismo de refinanciación para os Concellos e aínda non hai resposta, unha vez obtida resposta sobre este tema presentaranse.

Non existindo máis debate sobre este asunto procédese á votación, acordándose por unanimidade, aprobar a proposta de modificación da base nº 22 das bases de execución do orzamento 2014 prorrogado no 2015, do seguinte xeito:

Primeiro.- Aprobación inicial da modificación da base nº 22 de execución do orzamento 2014 prorrogado ó 2015, engadindo o seguinte parágrafo:

“Quedan excluídas da obriga de facturación electrónica as facturas cuxo importe sexa de ata 5.000 euros e as emitidas polos provedores ós servizos no exterior das Administracións Públicas ata que as devanditas facturas poidan satisfacer os requirimentos para a súa presentación a través do Punto xeral de entrada de facturas electrónicas, de acordo coa valoración do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e os servizos no exterior dispoñan dos medios e sistemas apropiados para a súa recepción nos devanditos servizos”.

Segundo.- Expor ó público o acordo de aprobación inicial, previa inserción de anuncio no BOP, nos termos regulados no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; e consideralo definitivamente aprobado no caso de que durante tal exposición non se formulase reclamación algunha, en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas, procedendo ós demais trámites regulamentariamente establecidos.

Terceiro.- Facultar amplia e expresamente á Sra. Alcaldesa para a mellor execución do acordado.

4.- APROBACIÓN DA ADENDA DE MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DO CONSORCIO DO CENTRO ASOCIADO DA UNED EN LUGO E A ACTA DE SUSCRIPCIÓN DA AULA UNIVERSITARIA DA UNED EN VIVEIRO DA REFERIDA ADENDA.



Vista a Adenda de modificación dos Estatutos do Centro Asociado da UNED en Lugo e a acta de suscripción da Aula Universitaria da UNED en Viveiro da referida Adenda.

Visto que este asunto foi dictaminado favorablemente na Comisión Informativa de Desenvolvemento Local.

Non existindo debate sobre este asunto, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes, acorda a aprobación da Adenda de modificación dos Estatutos do Centro Asociado da UNED en Lugo e a acta de suscripción da Aula Universitaria da UNED en Viveiro da referida Adenda.

5.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO B.N.G. PARA UNHA PISCINA PARA TODOS E TODAS, PÚBLICA E DE CALIDADE.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, que procede á lectura da moción, que en resumo di que o Concello ten entre os seus servizos o da piscina municipal, servizo que foi xestionado pola empresa Gaia durante 10 anos, e que tras a concesión foi preciso realizar obras de reparación polo que tivo que estar pechada varios meses no 2010. A día de hoxe está mal xestionada pola empresa municipal TURVIVEIRO, que naceu para a xestión do Porto Deportivo, e unha vez roubada a concesión do porto deportivo pola Xunta de Galicia o goberno municipal socialista utilízaa para a xestión da piscina a pesar da existencia dun acordo municipal de disolución. A piscina conta con máis de mil usuarios, e tendo en conta os números vermellos de Turviveiro, coa “Lei Montoro” Turviveiro quedará disolta a 1 de decembro de 2015, polo que os traballadores da piscina, reivindicán unha solución para non chegar ó límite do prazo sen solución. As posibilidades achegadas pola Presidenta do Consello de Administración foron a xestión directa, a privatización e o peche. Dende o B.N.G. descartan a terceira opción e apostan por unha xestión pública da piscina, propoñendo que se inste ó goberno municipal de Viveiro e ó Consello de Administración de Turviveiro a iniciar os trámites de forma inmediata para garantir o mantemento da xestión pública da piscina municipal e aportar no prazo de 2 meses unha solución definitiva, así como a creación dun grupo de traballo, formado polo Consello de Administración, un representante dos diferentes grupos políticos con representación na Corporación Municipal e representantes dos traballadores para seguimento dos trámites e garantía da súa realización no prazo indicado.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que esta moción chega tarde, porque se leva meses traballando na dirección da xestión directa por parte do Concello. Manifesta que consta informe de Secretaría que di que actualmente é de dudosa legalidade a ampliación da plantilla. Sinala que o equipo de goberno nunca valorou a posibilidade de pechar a piscina, e tampouco sacar unha concesión porque se pretende que se trata dunha xestión directa. Engade que se realizou unha reunión do representante sindical e un representante dos traballadores e alí por parte da Alcaldía manifestouse que non se estaba pechado a nada, pero a día de hoxe os informes non son favorables. Sinala que por parte da secretaria municipal se están estudando outras posibles vías para poder levar a cabo a xestión directa, estudo que se está a facer xunto con técnicos da Deputación de Lugo. Di que no ano 2010 que Gaia rematou a concesión e deixou mal a piscina o contrato non contemplaba vías para poder reclamarlle, e dende aquel momento xa se fixo todo o posible para sacala adiante a garantir a viabilidade da piscina e os postos de traballo. Recalca que é unha moción que ven tarde porque xa se leva meses traballando nese tema, e agora o sindicato dos traballadores manifestou que ía



presentar un informe sobre a viabilidade de asumir a xestión e aumentar a plantila, e estamos esperando ese informe porque non estamos pechados a nada. Recordamos que houbo momentos difíciles para o pago de nóminas, e que nos orzamentos que algúns non apoiaron ía unha partida para a piscina. Conclúese procedendo a dar a palabra á Secretaria Municipal ós efectos de que se resume o informe realizado.

Intervén a Secretaria Municipal para dicir que no informe emitido no seu día se recollen as posibilidades de xestión dos servizos públicos por parte do Concello, segundo a normativa vixente, estando permitida tanto a xestión directa como indirecta, así como os pasos a seguir e os acordos a adoptar para poder levar a cabo cada unha delas. Recóllese así mesmo a normativa aplicable á selección de persoal nos supostos de xestión indirecta e directa, facendo referencia, respecto á incorporación de novo persoal ó obrigado cumprimento da Lei de Orzamentos Xerais para o ano 2014, vixente no momento da emisión do informe. Sinalase así mesmo pola Secretaria que a Lei de Orzamentos para 2015, regula este aspecto en termos similares á anterior.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil para pedir que se retire por parte do B.N.G. a referencia a “unha vez roubada a concesión”, manifestando que se debe retirar por simple respecto institucional, xa que as únicas sentenzas que existen sobre este asunto son contra o Concello. Sinala que o seu grupo tamén solicita que se analice o problema da piscina e se solucione, descartando o peche. Coinciden en que a xestión nestes momentos non é boa. Respecto á solicitude de que se aposte pola xestión pública indica que o seu grupo non ten nada en contra da xestión pública nin da privada, simplemente queren unha xestión eficaz e que haxa un servizo de calidade. Engade que agora hai un modelo que se semella á xestión pública e non está funcionando, con Gaia tampouco funcionou. Se se decide unha xestión indirecta nos pregos habería que deixar todos os aspectos atados, e engade que nestes momentos non contan con datos que permitan valorar que tipo de xestión lle interesa ó Concello. Consideran acertado o segundo punto da moción, e primeiro habería que contar con datos económicos e técnicos, posto que toda esa información é necesaria para poder decidir con criterio. Propónlle ó B.N.G. que cambie a redacción do primeiro punto da moción por “garantir o servizo da piscina municipal”, en base a que neste momento non se pode decidir por ningunha opción, e de saír adiante a creación dunha mesa de traballo pide que sexa seria, porque a de Aparcamentos A Mariña non o foi, xa que manifesta que non volveu a ser convocado.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo para dicir que o seu grupo non está de acordo en aceptar o cambio proposto.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias para dicir que está claro que a piscina non pode pechar, porque é un servizo que hai que prestar ós cidadáns. Apunta que a piscina xa naceu con defectos na construción, e respecto ós números da súa xestión xa tería que estar pechada hai moito tempo, e considera que tampouco se vai disolver nesa data porque seguro que para ese momento posiblemente cambien a normativa que establece a súa disolución. Engade que non poden votar a favor dunha moción, cando se conta cun informe que non dá pé a votar a favor. Sinala que vota de menos que non se faga mención ó mantemento dos postos de traballo e apunta que no resto de concesións foi o primeiro que se propuxo, e estes postos no caso dunha concesión hai que mantelos por obriga legal. Conclúese sinalando que non se ten un informe que garanta que neste momento se poda tomar unha decisión.



Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que o que pretende esta moción é iniciar os trámites para a xestión pública, non que xa se acorde agora, e sinala que non existe inconvinte polo seu grupo en engadir o mantemento dos postos de traballo. Apunta que escoita dicir que se aposta pola xestión pública, xestión pública que xa está sendo agora mediante a sociedade Turviveiro, posto que é unha empresa 100% de titularidade municipal. Considera que hai que buscar a autoxestión, e que este servizo non supoña un custo a maiores. Di que non se trata dunha moción extemporánea cando se trae ó pleno nun momento no que aínda non hai unha solución a este tema. Respecto ó informe da secretaria municipal manifesta que a lei de orzamentos non permite aumentar postos de traballo, pero ten constancia da existencia de informes paralelos que din que a xestión directa se pode levar a cabo e que os traballadores a día de hoxe xa son empregados que forman parte dunha empresa pública. Engade que hai dous meses os traballadores tiveron unha reunión, e na mesma plantexáronselles tres propostas: o peche, a privatización ou a xestión directa, polo que o seu grupo entende que se o equipo de goberno aposta pola xestión pública aporte xa unha solución. Engade que o seu grupo non se pon de acordo co P.P. no tema de “roubar”, e dille ó portavoz do P.P. que pregunte no seu partido o que pensan os ladróns. Sinala tamén que durante dez anos a xestión foi privada, sen ningún control, o que provocou ter que levar a cabo unha grande inversión ó seu remate. Logo a xestión pasou a Turviveiro e asumíuse o persoal sen ningún proceso de contratación. Agora os traballadores están dispostos a asumir un proceso de selección de persoal. Consideran que se pode votar neste momento, e entende que a chamada “lei Montoro” igual cambia pero hai que estar preparado.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que na reunión que houbo cos representantes dos traballadores díxose que non se estaba pechado a nada pero que neste momento os informes eran desfavorables. Engade que os sindicatos dixeron que sí se podía asumir novo persoal, pero de momento non aportaron nada e dille ó portavoz do B.N.G. que se conta con ese informe o traiga. Manifesta que se atopou unha posible vía cos técnicos da Deputación de Lugo que se vai analizar, e sinala que quere levar ó pleno a xestión directa con informes favorables porque doutra maneira o acordo podería verse impugnado e, polo tanto, a solución non chegaría moi lonxe. Recalca que a moción vén ó pleno fóra de tempo porque xa se leva tempo traballando, e os trámites que se pretende que se inicien xa están iniciados, polo que apunta que van votar en contra.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil, para dicir que o seu grupo non ten neste momento elementos para votar nun sentido ou noutro, e polo tanto, sí están de acordo en crear unha mesa de traballo para buscar unha solución pero non poden votar de acordo sen máis datos para garantir o mantemento da xestión pública polo que anuncia que o seu grupo se vai abster.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias, para dicir que o seu grupo pode votar a favor da creación da mesa de traballo pero que sexa para mollarse e tomar decisións cando as haxa que tomar, non que sexa unha mesa de traballo como a de Aparcamentos A Mariña. Pero recalca que neste momento non poden apoiar unha proposta que non conta con informes que a apoiem.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que o seu grupo non ten problema en votar os dous puntos por separado. Reitera que existen informes dos sindicatos que recollen que é viable a xestión directa cos postos de traballo existentes. Engade que o seu grupo aposta pola xestión pública e votaría a favor aínda que houbese dúbidas legais, e que se os condenasen por iso non lles importaría.



Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o problema non é mollarse, e que no seu caso se teñen mollado e votar incluso con informes desfavorables, pero o problema é que se logo ese acordo se impugna non se garantiría nada con ese voto.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil para dicir que as decisións que hai que adoptar son as que se permitan pola normativa, xa que o problema xurde precisamente cando se toman decisións á marxe da lei. Reitera que o seu grupo non pode decantarse por un modelo de xestión ou por outro, porque non existen neste momento datos que o permitan, e este acordo non pode tomarse por ideoloxías, xa que a lei hai que cumprila aínda que non guste, posto que doutro xeito non se outorgaría seguridade algunha nin ós veciños nin ós traballadores.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que esta lei quen a creou foi o P.P. e polo tanto sí que son as ideoloxías políticas as que obrigan a privatizar.

Intervén a Sra. Alcaldesa para recordarlle ó B.N.G. que non ten representación no Consello de Administración de Turviveiro, porque o quixo así.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que esa decisión se adoptou porque existe un acordo de disolución de Turviveiro que non se levou a cabo.

Non existindo máis debate sobre este asunto procédese á votación, que transcorre do seguinte xeito:

Punto 1 da moción:

Queda rexeitado este punto con 3 votos a favor correspondentes ó grupo do B.N.G., 6 votos en contra correspondentes ó grupo do P.S.O.E., 5 abstencións correspondentes ó grupo do P.P. O grupo do i.V.i. manifesta que non vota, polo que deben considerarse como abstencións (segundo o artigo 100 do ROF). Deste xeito este punto contaría con 7 abstencións.

Punto 2 da moción:

Queda aprobado este punto cos votos a favor correspondentes ós grupos do P.S.O.E., P.P. e B.N.G. O grupo do i.V.i. manifesta que non vota, polo que deben considerarse como abstencións (segundo o artigo 100 do ROF). Deste xeito este punto contaría con 2 abstencións:

Creación dun grupo de traballo, formado polo Consello de Administración, un representante dos diferentes grupos políticos con representación na Corporación Municipal e representantes dos traballadores para seguimento dos trámites e garantía da súa realización no prazo indicado.

6.- DACIÓN DE CONTA DA CORRESPONDENCIA OFICIAL

Dase conta dun escrito remitido pola Subdelegación do Goberno, referente á moción sobre reestructuración e cuarteis da Garda Civil, no que se sinala que non se ten coñecemento nin constancia algunha en dita Subdelegación de que se poda proceder ó peche do acuartelamento de Viveiro, nin ó de ningunha outra poboación da mariña lucense, indicando que debe terse en conta o



forte investimento en infraestruturas no acuartelamento de Viveiro, con motivo da creación do servizo marítimo provincial da Garda Civil, no porto de Viveiro-Celeiro, e que o posto de Viveiro atende cando é necesario outros núcleos urbanos próximos e realiza funcións de resguardo fiscal no porto de Viveiro-Celeiro.

7.- ROGOS E PREGUNTAS

A.- PREGUNTAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. EN DATA 29/01/2015 (Nº DE REXISTRO 596):

Por parte do Grupo Municipal do P.P. fórmulanse as seguintes preguntas:

Pasaron xa sete anos e a problemática de varios dos veciños de O Celeiriño sigue sin resolverse, aínda hai familias que foron desaloxadas das súas vivendas que non teñen volto a elas.

Quizabes Vostede considere que isto é unha boa e rápida xestión, pero lamentablemente para os veciños, para o erario municipal e para nosoutros foi e é un desastre.

Dado o tempo transcurrido e comprobando que este asunto non está pechado e polo que lle realizamos as seguintes preguntas:

1. Canto supuso para as arcas municipais, desglosado por anualidades, o gasto ocasionado polos realoxos dos veciños desde que se desmoronou o barrio ata o día de hoxe.
2. En que situación se encontra a reclamación xudicial realizada polo Concello e que seguimento se está realizando da mesma?.
3. Cantos e quen son os propietarios que están fora das súas casas na actualidade?.
4. Cantas mensualidades están sen satisfacer por parte municipal ós desaloxados?.
5. A que partida presupostaria se aplican estes pagos?.
6. Contan con informe favorable de Intervención o pago de alugueres a estes propietarios desaloxados?.
7. Ata canto ten previsto a Alcaldesa que vai a continuar esta situación?.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que as cantidades están nas actas de Xunta de Goberno e Plenos polo que son públicas e poden ser consultadas. Manifesta que neste asunto o Concello primeiro preocupouse polas persoas e logo polo ladrillo. Engade que naquel momento a Xunta de Galicia buscou unha solución, que foi aportar cerca de un millón de euros para comprar 8 vivendas correspondentes ás que non se podían recuperar. Posteriormente cambiou o goberno da Xunta de Galicia e tirou por terra o acordo existente, e respecto das vivendas con danos pero recuperables xa non apor-



tou os 30.000 euros previstos para cada unha senón que só preveu un ARI, o que supoñía pasar de 30.000 euros a 8.000 euros por vivenda. Engade que a empresa responsable do problema non pagaba os alugueres, e que as sentenzas que houbo foron en contra da empresa, así como que algúns veciños denunciaron por libre e outros acudiron ó Concello. Sinala que se adoptou un acordo inicial co apoio de todos os partidos, incluso do P.P. (naquel momento con Guillermo Leal á cabeza), así como o B.N.G. e E.U., para pagar os alugueres. De momento non hai unha sentenza contra a empresa e seguen pagándose. Engade que cando cambiou a Corporación e César Aja encabezou o grupo do P.P. , este grupo xa non apoiou as modificacións orzamentarias para facer fronte ó pago dos alugueres. O B.N.G. cambiou de portavoz pero seguiu apoiando. Engade que se fai o posible para pagar estes alugueres e que de momento o equipo de goberno non vai deixar de lado ós veciños de Celeiro.

B.- PREGUNTAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. EN DATA 27/01/2015 (Nº DE REXISTRO 595):

Por parte do Grupo Municipal do P.P. fórmulanse as seguintes preguntas:

Novamente traemos ó pleno un dos asuntos dos que maior quebrante económico e legal está producindo neste Concello e estamos a referirnos concretamente á sospeitosa vinculación existente entre o grupo de goberno e o bufete de abogados Lois&Lois.

A pesares das advertencias de ilegalidade realizadas por intervención, a pesares de non existir ningunha relación contractual, ou ata o momento non nola teñen aportado e iso que llela temos solicitado, a pesares da prohibición total de manter relacións contractuais con empresas ou particulares debedores coas administracións públicas, a pesares dos nulos e dubidosos éxitos xudiciais obtidos por este bufete de abogados, a pesares de todo isto, o grupo de goberno sigue depositando a súa confianza e o que é peor a viabilidade do Concello de Viveiro, nun despacho de abogados cos que non existe nin siquera contrato, o que reiteramos constitúe unha flagrante ilegalidade, dasdas as enormes cantidades pagadas a este bufete.

Ante esta reiterada situación e dando por sentado que non existe relación contractual entre estes señores e o Concello é polo que lle realizo á Sara. Alcaldesa as seguintes preguntas:

1. Ata cando vai seguir mantendo a Sara. Alcaldesa esta situación de ilegalidade entre o equipo de goberno e o bufete Lois&Lois?.
2. Tense solicitado tanto de Secretaría como de Intervención o correspondente informe que de cobertura a esta relación comercial entre a alcaldía e o bufete Lois&Lois?.
3. En cantos asuntos ten representado ó Concello os señores Lois&Lois?.. Cantos gañaron?.
4. De todos os asuntos que lles encargou o grupo de goberno, personáronse en todos eles?, en cantos si e en cantos non?.
- 5.



6. Dado as cantidades que se lles viñan abonando eran unha cantidade fixa e outra por asuntos, tal e como se aprecia nas múltiples actas da Xunta de Goberno Local.
7. Preguntamos, a canto ascende a cantidade periódica mensual e fixa percibida polo Bufete Lois&Lois dende o ano 2003 ata a actualidade? e a canto ascenden o resto das cantidades percibidas por asuntos?.
8. Todas as cantidades facturadas polo Bufete Lois&Lois están abonadas a día de hoxe? En caso contrario, canto se lles adeuda?.
9. A canto ascenden as cantidades abonadas polo Concello a procuradores desde o ano 2003?
10. A canto ascenden as cantidades abonadas polo Concello en concepto de costas desde o ano 2003?.
11. A canto ascenden as cantidade abonadas polo Concello en concepto de intereses derivados de condeas xudiciais?.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que este punto máis que preguntas son acusacións, e sinala que dubida da legalidade de realizar esas afirmacións por parte do grupo do P.P. sinalando que por ese motivo non vai ler as preguntas. Responde que ese bufete leva traballando para o Concello dende o ano 2003, e que dende decembro do 2013 non ten relación profesional co Concello, xa que hai unha diminución de procedementos, polo que se están a encargar á Área de Cooperación da Deputación Provincial de Lugo, facendo entrega dun documento no que se recollen os casos que levou este bufete, os máis importantes e onde se pode ver que o Concello aforrou moito diñeiro respecto a reclamacións e cuantías formuladas.

**C.- ROGOS PRESENTADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO iVi EN DATA 01/02/2015
(Nº DE REXISTRO 654):**

Por parte do Grupo Municipal do P.P. fórmulanse as seguintes preguntas:

1. Dado o estado en que se atopa a rúa A Parrela, chea de fochancas e pozas, ROGAMOS ó equipo de goberno que faga todo o posible para arranxar a mesma a maior brevidade posible.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que cando o tempo o permita se fará.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i. D. Jesús Fernández Fernández para dicir que a rúa é pequena e cun camión de aglomerado se soluciona.



2. Por parte desste grupo municipal o mes de setembro solicitábase unha entrevista co Conselleiro de Educación da Xunta de Galicia para abordar varios temas, entre eles o do Conservatorio de Viveiro, por elo ROGAMOS se houbo constetación ou resposta algunha.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que antes de que o grupo do i.V.i. presentara este rogo, xa se solicitara unha cita co Consellerio polo conservatorio, da que aínda non hai resposta.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i. D. Jesús Fernández Fernández para dicir que vai haber cambio de Conselleiro. Di que é unha burla ós veciños non ter dado resposta en 4 ou 5 meses, e pide que se insista.

3. A pesar do tempo transcurrido polo momento aínda non se modificou a plcada da inauguración da área etnográfica da Insua, por isto ROGAMOS se cumpra o acordado en Pleno ó respecto.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que xa se está mirando, e que se fará no momento en que poda facerse por carga de traballo da brigada de obras.

4. A estrada que vai dende o cruce do paseo marítimo ata a Cruz Vermella, Avda. de Martín Ledesma presenta un estado lamentable en canto ó firme, e ase mesmo cos sumidoiros tupidos na súa maior parte. Dado que é unha estrada con bastante tráfico diario por mor dos colexios ROGAMOS fagan as xestións posibles para arranxala.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que se realizará no momento en que o tempo o permita.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i. D. Jesús Fernández Fernández para dicir que é a segunda vez que se está pedindo.

D.- PREGUNTAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO B.N.G. EN DATA 27/01/2015 (Nº DE REXISTRO 532):

1. Na zona da Insua existe un vertedoiro descontrolado, que vai en aumento. Rogamos ao equipo de goberno, que poña fin a este foco de contaminación no noso municipio.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que se limpou tres veces no 2014, dicindo que se trata dun problema cívico. Di que hai un punto limpo gratuito, dicindo que o que se pode facer é que a policía local vixie esa zona, engadindo que hai máis zonas nesta situación.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 22:00 horas do día 5 de febreiro de 2015, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA.